


NENOS

vive sinxelamente para que outros,
sinxelamente, poidan vivir



NENOS

CAMPAÑA INSTITUCIONAL 2011-2012

Guía para o educador

Presentación dos materiais didácticos para **NENOS E NENAS** 3

Conto

○ pequeno Serafín 6


Conto

A nube Topamín 13

Conto

A semente diminuta 25

Oración de Compartir 33



Presentación dos materiais didácticos para **NENOS E NENAS**

Durante os últimos 3 anos as Campañas Institucionais de Cáritas quixeron propoñer á cidadanía, e á comunidade cristiá, vivir e practicar unha serie de valores para facer posible unha sociedade con futuro.

Agora, este ano, Cáritas inicia un novo ciclo de Campañas onde, baseándose nos valores evanxélicos que formulou nos anos anteriores, quere propoñernos facer posible entre todos, un novo **modelo social e económico** onde aterrar eses valores de comunión, participación, diversidade, gratuidade, fraternidade e compromiso, e facer que o ceo escuro e ameazante no que viven os, cada vez, máis pobres e excluídos, volva ser claro e azul para todos e todas en todo o mundo.

Dende Cáritas, en nome da Comunidade Cristiá, queremos formular coa Campaña deste ano a necesidade urxente dun novo Desenvolvemento e unha nova Economía que xire arredor do ben de ser humano, respectando o medioambiente. A crise económica puxo ao descuberto un camiño sen saída ao que nos está a levar este modelo económico baseado no Crecemento sen límite.

Esta crise puxo en evidencia que o mundo vive por enriba das súas posibilidades económicas. Os países e os cidadáns estamos endebedados por enriba do que producimos ou gañamos.

Esta crise puxo en evidencia que o mundo vive por enriba das súas posibilidades sociais: o 20% da poboación mundial posúe o 90% da riqueza que hai no planeta, mentres máis de 4.000 millóns de persoas viven en estado de pobreza. É dicir, este modelo económico baseado no Crecemento non favorece a toda a humanidade senón só a uns poucos.

E por último, esta crise tamén puxo en evidencia que o mundo vive por enriba das súas posibilidades físicas. Estamos a destruír o planeta a un ritmo sen precedentes. Consumimos un 25% máis dos recursos que produce anualmente.

Poderíamos resumir o que nos quere propoñer a cada un de nós esta Campaña cunha simple frase que é o lema de campaña: **“Vive sinxelamente para que outros, sinxelamente, poidan vivir”**. Non podemos quedar de brazos cruzados, indiferentes, mentres tres cuartas partes da familia humana malvive na pobreza (ver Mt 25, 31-40).

Para sensibilizar e educar os nenos, no que esta Campaña quere transmitir, espertar e remover, preparamos estes materiais didácticos. A finalidade última que hai detrás de todas as actividades que aquí propoñemos, é lograr que ao neno e á nena lle chegue e quede clara esta mensaxe de : *Co noso xeito de vivir, de comportarnos, de actuar, podemos influír **para ben** no noso ámbito. Creámolo ou non, cada un de nós ten un **anaquiño de mundo** no que si pode facer algo... e son moitos os que se poden beneficiar diso... case sen decatarnos.*

A continuación presentamos as actividades que ofrecemos, para traballar con nenos e nenas, a mensaxe desta Campaña:



Conto

O pequeno Serafín

Para traballalo con nenos de 4 a 7 anos (Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria).

A finalidade deste conto, e as actividades que o acompañan, é facer caer na conta ao neno do prexudicial que é querelo ter todo para un mesmo, ser egoísta, e presentarlle o valor de compartir como algo positivo que dá alegría a un mesmo, e ao mesmo tempo serve para axudar e alegrar aos demais.



Conto

A semente diminuta

Para traballalo con nenos de 7 a 11 anos (Educación Primaria).

A finalidade deste conto, e a dinámica que se traballa a partir del, é a de facer ver ao neno e á nena que o estilo de vida que temos na nosa sociedade está a destruír a Natureza, ademais de crear pobreza, e que fronte a isto debemos actuar. Queremos que tome conciencia da súa responsabilidade fronte á Natureza, e que se formule a necesidade de facer accións moi concretas, por pequenas que sexan, para coidar do medioambiente.



Conto

A nube Topamín

Para traballalo con nenos de 7 a 11 anos (Educación Primaria).

A finalidade deste conto, e as actividades que se formulan a partir del, é a de provocar a reflexión no neno sobre as consecuencias que ten o que unha persoa viva e se comporte de forma egoísta. Tratamos de abri-lle os ollos á realidade inxusta deste mundo para que tome conciencia de que os nosos actos e comportamentos, por pequenos e insignificantes que parezan, teñen unha repercusión para ben ou para mal na vida doutras persoas. Se isto o ten claro, a partir de agora pode tomar conscientemente a decisión de contribuír coa súa forma de vivir, coas súas pequenas accións, a que este mundo vaia mellor.



Oración de Compartir.

Con esta oración ofrecemos a posibilidade de crear un espazo para a oración, onde os nenos se poñan en mans de Xesús para facer realidade nas súas vidas o milagre de compartir.



Conto

O pequeno Serafín

1. Actividade para preparar o conto

Este é un conto pensado para que o educador o conte e dinamice, por iso require unha preparación previa. Pediráselles aos nenos e nenas que nunha folla solta debuxen e coloreen unha cousa que desexarían ter ou que llela pediran aos seus pais para que a compren. Antes de que empecen a debuxala, o educador elixirá 9 deles para que, ademais do seu debuxo, fagan outro que el lles dirá. Os debuxos que farán serán os seguintes: unha bicicleta, un balón, un pastel de chocolate, unha chaqueta, uns patíns, unha peixeira, un cadelo, un camión de bombeiros, e lambetadas ou caramelos.

Cando todos os debuxos estean feitos, o educador pasará polas mesas dos nenos e poralles un anaco de cinta adhesiva a cada debuxo para deixalo listo para ser pegado cando toque na escenificación do conto.

Feito todo isto, o educador elixirá ao chou un neno do grupo para que sexa o protagonista.

2. Como contar e dinamizar o conto


O educador porá de pé, ao seu lado, o neno que faga de Serafín. O educador empezará a ler o conto como un contacontos, poñendo moita expresividade no que di. O neno que fai de Serafín terá que repetir todas as frases que diga directamente Serafín no conto. É dicir, primeiro diraa o educador ao ler o conto, logo parará, e pediralle ao neno que a repita coma se fose Serafín.

No momento do conto no que empecen a vir voando os obxectos que Serafín desexara, ao ser nomeados polo educador, o neno ou nena que o teña debuxado, levantarase do seu sitio e levarao voando ata pegalo na parte do corpo de Serafín que se di no conto. Así conseguirá os nove debuxos que o educador encargou.

A continuación, o conto di que "moitas cousas máis viñan voando dende todas partes, e quedaban pegadas no corpo de Serafín". Nese momento, o educador irá nomeando a cada neno/a para que se levante do seu sitio, diga en voz alta o que ten debuxado na súa folla, e logo o leve voando ata pegalo en calquera parte que estea libre do corpo do neno que fai de Serafín.

Cando todos os nenos e nenas peguen os seus debuxos sobre Serafín, este estará practicamente tapado e oculto baixo un montón de debuxos. Entón o educador continuará contando o conto ata o final.

Chegados ao final da historia, para escenificar cos nenos o que acontece neste final, por orde e dun nun, os nenos levantarase, despegarán un dos debuxos que están pegados a Serafín e rapidamente levaránllo a outro neno que estea sentado e que non teña ningún debuxo na súa mesa, porque agora Serafín, por fin decidiu compartir todo o que ten cos que pouco ou case nada teñen.



3. Qué facer despois de acabar de contar o conto

a) Preguntas para o diálogo

Lanzámoslles aos nenos estas preguntas para que as contesten libremente e en voz alta:

- ¿Por que Serafín o quería todo para el?
- ¿Pasádelo ben cando estades ao lado de alguén que o quere todo para el? Por que?
- ¿Que frase de súa nai recordou Serafín cando estaba atrapado polas cousas que desexara?
- ¿Que significa a palabra compartir? Pon un exemplo.
- ¿A quen de vós lle gusta compartir? ¿Por que?
- Serafín descubriu que era máis feliz compartindo que téndoo todo para el. ¿Por que cres que descubriu isto?
- ¿Con quen compartiu Serafín ao final tódalas cousas que desexara?
- ¿Quen son pobres hoxe en día?
- Se ti foses pobre ou necesitases axuda, ¿gustaríache que os demais soubesen compartir?

b) Explicar sinxelamente que é Cáritas


O educador explicaralles o que é Cáritas dicindo que é un grupo de persoas cristiás que, en nome da Igrexa, se encarga de axudar ás persoas máis pobres e necesitadas, compartindo o que eles teñen, e o que todos os cristiáns lles dan, para que non haxa máis persoas pobres. Eles saben dicir as palabras máxicas que o pequeno Serafín dixo ao final do conto: **Quero compartir.** —Sábelas dicir ti?

E para que recorden estas palabras máxicas, entregaráselles o debuxo que vén a continuación, a xeito de tarxeta ou cromo, para que o coloreen e o teñan sempre á vista no seu cuarto.

c) Actividade

Sobre un anaco de papel continuo grande pegaranse algúns dos debuxos que fixeron todos os nenos ata que estea repleto deles. Sobre eles pegaranse as palabras que compoñen esta frase de Xesús: "Hai máis alegría en dar, en compartir, que en recibir".

As letras ou palabras que compoñen esta frase repartiraas o educador entre os nenos para que as coloreen de vermello e as recorten para logo pegalas no cartel que despois colgarán nunha parede da aula.



O pequeno Serafín

Érase unha vez un neno que sempre quería ter todas as cousas para el e nada do que el tiña o quería compartir con ninguén.

Chamábase Serafín e sempre dicía: **“isto quéroo para min”**.

Cando ía con seus pais de paseo sempre lles pedía todas as cousas que vía nos escaparates, ou pola rúa:

- Mamá, mamá, quero esa bici que está no escaparate; **quéroa para min.**
- Papá, papá, cómprame esa pelota da tenda; **quéroa para min.**
- Mamá, mamá, quero unha chaqueta como a que leva ese neno de aí; **quéroa para min.**
- Papá, papá, cómprame ese pastel de chocolate para comelo aquí; **quéroo para min.**
- Mamá, mamá, quero os patíns que leva aquela nena; **quéroos para min.**

Pero seus pais sempre lle contestaban dicindo:

- Non Serafín, xa tes bastante; non serán para ti.

Isto non lle gustaba nada a Serafín. Por iso insistía e insistía sen ter nunca fin dicindo todo o que vía:

- **Quéroo para min!**

Unha noite, Serafín, por non conseguir nada do que pedía, foise tan enfadado a durmir, que pechou os ollos moi forte da rabia que tiña, e pediu un desexo para ser feliz.

Un desexo que xa te poderás imaxinar cál é. —Adivíñalo? O desexo de Serafín foi:


- **Todo o quero para min!**

Maxicamente, naquel instante, o seu desexo cumpríuse.

Pero Serafín non se decatou porque estaba tan canso de pedir... que se durmiu. Á mañá seguinte, cando Serafín espertou, todo cambiou. Cando saíu á rúa con súa nai para ir ao cole, maxicamente, todas as cousas que Serafín pediu o mes anterior, empezaron a vir voando ata el quedando pegadas en todo o seu corpo, coma se Serafín fose un grande imán que atraía todo o que quería.

- Na súa man esquerda quedoulle pegada unha bici.
- No seu pé dereito quedoulle pegado un balón.
- Detrás da súa cabeza quedoulle pegado un pastel de chocolate.
- No seu pé esquerdo quedáronlle pegados uns patíns.

- Nas súas costas quedoulle pegada unha chaqueta.
- Enriba da súa cabeza quedoulle pegada unha peixeira.
- Na súa man dereita un can que non paraba de ladrar.
- No seu nariz quedoulle pegado un camión de bombeiros.
- Na súa barriga pegáronselle todas as chuches dunha tenda de lambetadas.



E así non paraban de vir voando moitas cousas máis dende todas partes quedando pegadas no corpo de Serafín.

Eran tantas cousas... que Serafín quedou convertido nunha gran montaña de obxectos.

Non podía moverse, nin rascar o nariz. Pero estaba moi feliz porque por fin tiña todo o que quería.


Súa nai choraba desconsolada porque perdera a Serafín debaixo daquela montaña de cousas.

Dicíalle sen parar.

- Serafín, sal de aí! Serafín, sal de aí!

Non obstante, Serafín estaba moi feliz alí, e non quería saír.

Súa nai, axudada pola xente da rúa, polos bombeiros e pola policía, tratou de quitar todas as cousas que cubrían ao seu fillo Serafín, pero estaban tan fortemente pegadas unhas a outras, que era imposible arrancalas da montaña.



E mentres tanto, Serafín seguía moi feliz estando alí.

Ata que chegou a hora de comer, e Serafín sentiu fame.

Tiña as mans tan cheas de cousas que non podía coller o pastel que tiña pegado detrás del.

Por máis esforzos que facía, non podía despegar todo o que tiña por todos lados.

Tiña fame e non podía comer, tiña sede e tampouco podía beber, tiña frío e non podía abrigarse, picáballe o nariz e non podía rascarse.

Intentou collerse á man de súa nai... e non puido moverse.

Quixo saír da súa montaña de cousas, pero estaba atrapado por todo o que desexara.

Chorou e chorou desconsolado, pero súa nai non puido achegarse a consolalo.

Entón aínda chorou máis desesperado porque non sabía cómo liberarse daquela montaña na que estaba atrapado.

E por primeira vez na súa vida Serafín arrepeniuse de desexar todas as cousas para si.

Pechou os seus ollos cheos de bágoas, e recordou algo que súa nai sempre lle dicía:

— Serafín, non o queiras todo para ti, e aprende a compartir.

Entón Serafín berrou dende dentro da montaña dicindo:

— **Mamá, quero compartir!**

De súpeto, coma se pronunciase unhas palabras máxicas, todas as cousas que cubrían o seu corpo formando a gran montaña, empezaron a saír voando.

E cada unha delas foi a unha parte distinta do mundo onde había unha nena ou un neno máis pobre ou necesitado.


E Serafín descubriu, por fin, o xeito en que podía ser de verdade feliz.

Abrazouse a súa nai e marchou con ela cantando:

— **Colorín colorado, compartíndoo todo, este conto está rematado.**


José Real Navarro

A nube Topamín



Conta a lenda que hai moitos, moitos anos, había unha nube chamada Topamín que, a diferenza das demais nubes, non lle gustaba dar a súa auga a ninguén. Viaxaba por todo o mundo collendo sen parar máis e máis gotas. Pero nunca deixaba caer nin unha soa ao chan. Queríaas todas para ela.

Mesmo se fixo negra como o carbón para impedir que os paxaros voasen polo seu interior e puidesen beber algunhas das súas gotas.




Ata tal punto quería ter máis gotas de auga, que acabou quitándolles a outras nubes as gotas que levaban no seu interior. Moitas desapareceron absorbidas por ela. Conforme pasaba o tempo, Topamín foi facéndose máis e máis xigantesca, mentres que as demais nubes do ceo eran cada vez máis pequenas e insignificantes.

Alá onde ía Topamín todo eran súplicas e rogos para que lles regalase a súa auga. As árbores do bosque pedíanlle a súa auga para vivir. Os animais e as plantas pedíanlle auga para non morrer de sede. Os campesiños mirábana angustiados para que regase os seus campos e salvase as súas colleitas. Pero Topamín sempre pasaba sen dar nada a ninguén.

Por esta razón pronto unha gran seca se apoderou do mundo enteiro. As pequenas nubes que Topamín non puidera absorber dedicábanse a dar a escasa auga que tiñan. Era moi pouco pero servía para aliviar en algo a inmensa sede que había sobre a Terra.




A verdade é que Topamín acabou créndose a máis poderosa do ceo. Non había ninguén tan grande coma ela e a súa sombra cubría medio planeta. Pero foron tan fortes os berros dos que tiñan sede na Terra, que remataron por espertar ao vento que vivía na máis profunda das cavernas.



Saíu moi airado e anoxado ao coñecer a razón daqueles berros. E ao ver ante si a Topamín, comezou a soprar como ata entón nunca se vira sobre a Terra.

Sopraba con tanta forza que a xigante nube empezou a desfacerse en miles de anacos diminutos.




Topamín, moi enfurecida ao ver como o vento lle estaba a arrancar o que era seu, as súas cobizadas gotas de auga, lanzou contra ela miles de raios, tronos e lóstregos. Pero vendo que seguía soprando con máis forza, comezou a tirarlle miles e miles de pedras de xeo. Non obstante, malia os seus esforzos, Topamín non tivo nada que facer contra a forza do vento.

Acabou desfacéndose e deixando libres, flotando no ceo, a miles de gotas de auga evaporada, en espera de ser recollidas por outras nubes máis xenerosas ca ela. (Se algún día escoitas raios e tronos, e ves sarabiar con forza, é que unha nube Topamín está a pelexar co vento para non dar nada do seu a ninguén).

Topamín rematou convertida nunha minúscula e insignificante nube, aparcada no cemiterio das nubes que está máis alá do horizonte, o lugar onde van aquelas que perderon todas as súas gotas de auga. Alí chorou amargamente por todo o que lle quitara o vento.





Pero mentres choraba, viu a outra nube igual de minúscula e insignificante que estaba a cantar con alegría. Entón preguntoulle moi contrariada:

— Como podes estar tan alegre perdendo todas as túas gotas de auga, e sendo tan pequena e insignificante? —Non ves que non tes nada?

Pero a nube contestou sorprendida:


— Como que non teño nada! Teño todo o que unha nube pode desexar. Estou alegre porque grazas á miña auga fixen crecer miles de árbores e plantas silvestres, salvei da morte miles de animais sedentos, e reguei os campos de centenaes de homes para que os seus fillos non morran de fame. Todos eles me dan as grazas todas as tardes cando me ven alá no horizonte, ao poñerse o sol, e dinme dende a distancia: Grazas por ser tan grande.

José Real Navarro

Actividades

Preguntas para o diálogo

1. —Por que Topamín era negra como o carbón?
2. —Por que Topamín era xigantesca?
3. —Que facían as pequenas nubes?
4. —Que é o que espertou ao vento e o fixo saír enfadado da súa caverna?
5. —Por que saíron raios e lóstregos de Topamín?
6. —Por que cantaba con alegría a outra nube que estaba con Topamín no cemiterio das nubes?
7. Explica o que quere dicir a última frase do conto.
8. —Que síntomas, que comportamentos, que formas de ser delatan que unha persoa da túa idade é unha “Topamín”?
9. —Resúltache doado ou difícil compartir as túas cousas cos demais? —Que é o último que compartiches con alguén?
10. No mundo actual hai moita pobreza e necesidade porque hai persoas que non saben compartir e quéreno todo para elas. —Que situacións de pobreza coñeces?
11. Xesús dixo que “hai máis alegría en dar que en recibir”. —Pasouche isto algunha vez? —Que pensas desta frase? —Que ten que ver esta frase co conto?
12. —Que problemas do mundo se solucionarían se todos puxésemos en práctica o que di esta frase?



Xogo: O efecto dominó

Motivación:

Vivimos nun mundo, nunha sociedade onde se impón un estilo de vivir que se caracteriza por 7 palabras: egoísmo, consumismo, cobiza, malgastar, competitividade, enriquecerse e indiferenza.

Moitas persoas, hoxe en día, viven poñendo en práctica estas palabras. Estas persoas son como a nube Topamín. E ao igual que acontecía no conto, poñer en práctica estas palabras ten as súas consecuencias.

Se no mundo hai pobreza, hai fame, hai miseria, hai inxustiza, hai desigualdades, é porque hai moitas persoas que poñen en práctica estas 7 palabras. Viven un estilo de vida consumista, cheo de egoísmo, de dilapidación, de competitividade, de indiferenza ante o que lle pasa ao outro, de buscar enriquecerse sexa como sexa e caia quen caia.

Para que non sexas como unha destas moitas persoas, vas xogar ao xogo do “Efecto dominó”. Mentres xogas a el, en cada xogada, serás consciente dos efectos que provoca no mundo cada unha destas 7 palabras.

Modo de xogar:

Formaredes grupos de 4 persoas. O educador entregaravos fotocopiadas as follas coas fichas de dominó que teñen as 7 palabras para que as recortedes.

Logo escribiredes por detrás de cada unha das fichas, cada un dos datos que aparecen na folla que vos dará o educador titulada **“Efectos negativos polo estilo de vida da sociedade actual”**. Son 28 datos para as 28 fichas. Feito isto, xogaredes unha partida seguindo as mesmas regras do xogo de dominó, pero coa particularidade de que xunto aos números, as fichas teñen palabras.

Cando rematedes a partida de dominó, o educador lanzaravos estas preguntas para que opinades e contestedes entre todos:

- —Que opinades sobre os datos da folla cos “Efectos negativos polo estilo de vida da sociedade actual”? —Que datos vos chamaron máis a atención? —Cáles vos enfadaron ou entristeceron máis?
- —Que tería que pasar para que isto non acontecese?
- —Que lles diríades aos gobernantes e poderosos que teñen nas súas mans a posibilidade de erradicar a pobreza pero non fan case nada por evitala?
- Imaxinade que vós, e as vosas familias, sodes unha desas persoas que viven na pobreza, ou pasan fame, ou viven sen auga potable, etc... —Que lles diríades ás persoas que hoxe en día poñen en práctica algunha destas 7 palabras?

Agora imos comprometer nos a facer posible o “Efecto dominó” contrario, porque queremos facer posible outro mundo onde non haxa persoas que pasan necesidade nin sofren pobreza.

- —Que 7 palabras deberíamos practicar cada día máis para que neste mundo desaparecesen, ou se reducisen cada vez máis, os datos e cifras que lemos ao xogar a partida de dominó?

Entre todos deberedes poñervos de acordo para elixir as 7 palabras. Unha vez que as teñades elixidas, cada grupo terá que fabricar un novo xogo de dominó cuxas fichas teñan agora estas novas palabras. Para iso, o educador entregará fotocopiado a cada grupo as follas coas fichas do **“Efecto dominó para facer posible un mundo mellor”**.


Unha vez que as teñades feitas, antes de xogar unha nova partida, cada grupo collerá un libro do Evanxeo para buscar citas onde se vexa como puxo en práctica Xesús de Nazaret esas 7 palabras que elixiron. El quixo que os seus seguidores tamén as puxesen en práctica para facer posible un mundo mellor. Nisto recoñecerían os demais que son cristiáns, que son amigos de Xesús, pola súa forma de vivir así.



Logo cada grupo porá en común as citas do Evanxeo que atopou. Entre todos os grupos deberán atopar citas sobre as 7 palabras.

Xogaredes unha partida con estas fichas que marcan o camiño para facer posible un mundo mellor: pero só poderán xogar aqueles que se comprometan a poñer en práctica esas 7 palabras, durante polo menos un mes, alí onde estean e con quen estean. Unha vez que rematedes a partida, observaredes as fichas que quedaron sobre a mesa. Mentres as esteades a observar, imaxínade que, de súpeto, cada ficha se converte maxicamente nun mosquito que contaxiará as palabras da súa ficha a aquel a quen pique.

Cada grupo terá que facer un conto onde estes mosquitos sexan os protagonistas. Titularase: **“Os mosquitos brancos e negros”**, (como as fichas de dominó). —Que historias e sucesos provocarán estes mosquitos no mundo dos humanos? Deixade voar a vosa imaxinación e sede creativos na vosa historia. Logo cada grupo contaralla aos seus compañeiros.



6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa
6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro	4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro
6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	6 Enriquecerse Gañar diñeiro sexa como sexa	5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro
2 Consumismo Compro máis do que necesito	1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese	0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado	5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro
5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro	5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro	5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro	5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro
4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro	2 Consumismo Compro máis do que necesito	1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese
5 Competitividade Loitar para estar por enriba do outro	4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir
0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado	4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro	2 Consumismo Compro máis do que necesito

Efecto dominó para facer posible un mundo mellor

6	6	6	6
6	5	4	3
6	6	6	5
2	1	0	5
5	5	5	5
4	3	2	1
5	4	4	4
0	4	3	2

4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	4 Malgastar Gastar innecesariamente, desbaldir	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro
1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese	0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro	2 Consumismo Compro máis do que necesito
3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro	3 Cobiza Desexo ter máis cousas, máis diñeiro	2 Consumismo Compro máis do que necesito	2 Consumismo Compro máis do que necesito
1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese	0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado	2 Consumismo Compro máis do que necesito	1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese
2 Consumismo Compro máis do que necesito	1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese	1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese	0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado
0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado	1 Egoísmo Só me preocupo do meu interese	0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado	0 Indiferenza Non me preocupo do que está necesitado

Efectos negativos polo estilo de vida da sociedade actual

4	4	3	3
1	0	3	2
3	3	2	2
1	0	2	1
2	1	1	0
0	1	0	0

1. Hai 1.300 millóns de persoas que viven cun euro ao día.
2. O 90% da riqueza posúea o 20% da poboación mundial.
3. Hai 2.600 millóns de persoas que vive con menos de 2 euros ao día.
4. Máis de 2,2 millóns de nenos morren ao ano por desnutrición.
5. Hai 70.000 persoas que morren ao día por fame e pobreza.
6. Hai 1.600 millóns de persoas que non teñen acceso á auga potable.
7. Hai 963 millóns de persoas que padecen fame severa.
8. Hai 9 millóns de pobres en España, o 19,6% da poboación.
9. Hai 81 millóns de pobres en Europa, o 16,5% da poboación.
10. Hai 1.000 millóns de persoas que carecen dunha vivenda digna.
11. Consumimos un 25% máis dos recursos que produce anualmente.
12. Para erradicar a fame abundaría co 1% do gastado para salvar os Bancos nesta crise.
13. A este ritmo, en 2050 consumiremos os recursos anuais de 2 planetas.
14. Hai 448 millóns de nenos que sofren desnutrición.
15. Os gobernantes están lonxe de erradicar en 2015 a fame no mundo
16. Hai 880 millóns de persoas que non teñen acceso a servizos básicos de saúde.
17. Hai 2.000 millóns de persoas que carecen de acceso a medicamentos esenciais.
18. Hai 30.000 nenos menores de 5 anos que morren cada día por enfermidades que se poderían curar.
19. Hai 2.400 millóns de persoas que non teñen instalacións sanitarias satisfactorias.
20. Degradamos os ecosistemas naturais a un ritmo sen precedentes.
21. Máis de 500.000 mulleres morren ao ano no parto por falta de médico.
22. Mentres se gastan cifras enormes en armamento, o número de persoas pobres non deixa de crecer.

23. Máis de 300 millóns de africanos viven con menos dun euro ao día.
24. En África 30 millóns de nenos menores de 5 anos sofren desnutrición.
25. Dos 42 millóns de xente con Sida, 39 millóns non teñen tratamento adecuado por vivir en países empobrecidos.
26. As emisións de gases contaminantes das fábricas non baixan.
27. Un terzo das especies animais perdeuse pola contaminación, a talla de bosques e a pesca abusiva.
28. Un neno de cada 5 no mundo non ten acceso á Educación Primaria.

(Datos tomados de diferentes estudos e informes de Nacións Unidas, de Cáritas, e de WWF)



A semente diminuta

Ao caer a tarde, un pardal chegou voando á capital do país máis rico e industrializado do planeta. Levaba no pico unha diminuta semente cor vermella. Tiña as plumas sucias por atravesar unha nube tóxica de contaminación. Os seus ollos apenas vían por culpa disto. E os seus pulmóns quedaran tan danados que estaba a punto de morrer.

Estando así de enfermo puido pousarse na praza principal da gran capital. O seu chan era todo de cemento e estaba rodeada de edificios altísimos. O pobre pardal quedou tendido no centro da praza, e tras uns breves instantes, morreu. A semente diminuta caeu rodando do seu pico ao chan. E ao chegar a noite e quedar a praza deserta, misteriosamente, da semente empezaron a xermolar unhas grosas raíces que se afundiron sen problema no duro chan de cemento.





Rapidísimamente comezou a crecer unha árbore que chegou a ser máis alta que os rañaceos que rodeaban a praza. O seu madeiro era tan grosso que nin quince homes collidos da man podían rodealo. As súas ramas estendíanse tanto que chegaron a ocupar toda a praza. E eran millóns e millóns as follas de cores diferentes que poboaban as súas ramas.

Cando amenceu e viron aquela xigantesca árbore multicolor plantada na praza, ninguén se explicaba como podía estar alí. Era algo asombroso e inexplicable. Nunca se vira sobre a terra unha árbore así. Era unha especie nova. Todos os habitantes da capital foron vela, e moita xente de fóra veu para non se perder aquel fenómeno tan extraordinario. Xornalistas, televisións e científicos de todo o mundo estaban alí para buscar unha explicación a todo aquilo.

Pero o máis asombroso aínda estaba por suceder. Despois dun día, as follas multicolores da árbore empezaron a desprenderse das ramas e caer ao chan. Cada vez que unha folla tocaba o chan de cemento a terra tremía, e da folla derramábase un líquido avermellado parecido ao sangue que manchaba o chan.

Era tan misterioso e estraño o que estaba a acontecer, que o medo empezou a invadir o corazón de moitos dos que contemplaban aquilo. Eran tantas as follas que ían caendo que a terra non deixaba de tremer, e cada vez eran máis grandes os charcos de sangue que enchían a praza.

O certo era que cada vez que caía unha folla, significaba que unha especie animal ou vexetal desaparecía por completo do país máis rico e industrializado do planeta, por culpa da contaminación que producían o fume das súas fábricas e coches.



En poucos días o país empezou a quedar sen flores, sen árbores de ningún tipo, sen paxaros, sen insectos... Cada vez eran menos as follas que quedaban na xigantesca árbore. Pronto se decataron do que significaba aquela árbore e as súas follas... Era a Nai Natureza que morría por culpa da contaminación.

Entón pedíuselle ás fábricas que deixasen de contaminar cos seus fumes e residuos tóxicos, pero os seus propietarios negáronse porque se o facían perderían moito diñeiro e moita xente quedaría sen traballo. Pedíuselle aos donos de coches que deixasen de usalos porque contaminaban cos seus fumes, pero moitos non quixeron porque xa non podían vivir sen eles.

Así que aos poucos días se desprende a última folla da árbore, e o país máis rico e industrializado do planeta quedou convertido nun inmenso deserto sen vida, sen aire limpo e sen auga. A xente viuse obrigada a emigrar de alí se quería seguir vivindo, e marcharon cos seus coches a outros países. As fábricas pecharon e marcharon tamén a outros países.

Pero ao caer a tarde doutro día, un pardal chegou voando á capital do país que agora era o máis rico e industrializado do planeta despois de desaparecer o anterior. Levaba no seu pico outra diminuta semente cor avermellada. Tiña tamén as plumas sucias por atravesar unha nube tóxica de contaminación... A historia volvía repetirse novamente. —Cal cres que será agora o seu final?

José Real Navarro



Actividades

Preguntas para o diálogo

1. ¿Onde aterrou o pardal e que caeu do seu pico ao morrer?
2. ¿Que acontecía coas follas cando caían ao chan?
3. ¿Que significaba cada folla que caía ao chan e que pasou cando caeu a última folla da árbore?
4. ¿Por que os donos das fábricas e coches non quixeron deixar de contaminar?
5. ¿Por que a xente se ten que ir dese país tan rico?
6. ¿Que mensaxe nos está a querer dicir este conto?
7. Hoxe en día os seres humanos temos un estilo de vivir que está a destruír a Natureza. ¿Que noticias das que saen na tele recordas sobre isto, é dicir, que accións ou sucesos provocados polo home prexudicaron a vida e saúde da Natureza nalgún lugar?
8. ¿Moléstache ou preocúpache que se destrúa a Natureza? ¿Por que? ¿Que accións contra a Natureza son as que máis che molestan ou doen?
9. ¿Que cousas concretas, por pequenas que parezan, podemos facer nós, xa na nosa casa, e coa nosa forma de vivir, para coidar e protexer a Natureza?
10. Contestade á pregunta con que remata o conto. Inventádevos un novo final no que a historia remate de distinto xeito a como rematou no primeiro país.

Dinámica: Urgencia hospitalaria

Nestes mesmos instantes ídesvos converter en médicos que traballades no Servizo de Urgencias do Hospital Natura. Formaredes equipos de 4 ou 5 médicos que hoxe estades a traballar en quenda de noite. De súpeto chegan catro ambulancias e sacan do seu interior catro pacientes gravemente enfermos. Son: o Aire, a Auga, a Terra, e as Especies Animais.

Estudade os catro casos con atención, como bos médicos que sodes. Fixádevos nas súas fichas médicas onde se detallan os síntomas da súa enfermidade. E de cada un deles escribide na súa folla de tratamento as cousas que fariades para reducir e sandar a enfermidade que padecen, é dicir, qué remedios, qué accións ou qué decisións terían que tomar todos os cidadáns e gobernantes do mundo para que, se todos o fixesen, se puidese curar o noso paciente. —Mans á obra!





Ficha do primeiro paciente

NOME: Aire.

SÍNTOMAS: Respira con moita dificultade.

CAUSAS: Aire cheo de fumes tóxicos e venenosos procedentes:

- das chemineas das fábricas.
- dos tubos de escape dos coches, autobuses, camións, avións, caldeiras de calefacción, etc.
- das empresas que producen electricidade, xa que consumen moito carbón ou petróleo, e isto produce moitísimos gases tóxicos que van ao aire.
- das incineradoras de lixo das grandes cidades.

OUTROS EFECTOS:

- Efecto invernadoiro

Debido á grande cantidade de fumes e gases tóxicos que hai no aire por culpa da acción humana, créase unha grande nube invisible que fai que a calor do sol que chega ao noso planeta, quede atrapada entre esa nube e a superficie do chan, facendo que as temperaturas suban ata niveis que non son normais.

Antes de que existise esta contaminación do aire, a calor do sol non quedaba tan atrapada na nosa atmosfera e podía escapar ao espazo exterior. As temperaturas eran as normais para cada estación do ano, cousa que hoxe non acontece. Por iso o clima está a cambiar, fai moitísimo calor en verán, e non fai tanto frío en inverno. Son frecuentes as chuvias torrenciais que o inundan todo, e os furacáns ou tornados que o destrúen todo son numerosos.

- O burato na capa de Ozono

O noso planeta Terra está protexido por unha capa situada entre os 19 e 48 quilómetros de altura, e que está composta por un gas chamado Ozono. A súa función é a de protexer a todos os seres vivos, animais e vexetais, dos raios ultravioletas que proveñen do sol. Sen esta capa, as plantas e animais sufrirían moitas enfermidades que lles impedirían vivir, e que os seres humanos padecerían tamén moitas enfermidades como cancro de pel, cegueira.

Pois ben, un dos gases tóxicos con que o home contamina o aire está provocando que a capa de ozono desapareza alarmantemente nun dos polos. Este gas tóxico chámase Freon, e é utilizado nos sistemas de refrixeración, e moitos botes de spray contéñeno.

PROGNÓSTICO: Grave. Requírese intervención inmediata.

Ficha do segundo paciente

NOME: Auga.

SÍNTOMAS: Náuseas cando bebe.

CAUSAS: Auga chea de residuos tóxicos que a ensucian e contaminan, procedentes:

- dos desaugadoiros das fábricas que derraman nos ríos e no mar residuos químicos venenosos.
- dos desaugadoiros das grandes cidades que verten nos ríos e no mar todas as súas augas sucias.
- dos petroleiros que se afunden no mar derramando toda a súa carga de petróleo, ou cando limpan as súas cisternas.

OUTROS EFECTOS:

- Chuvia ácida

Debido a algúns gases tóxicos que botan ao aire as chemineas das fábricas, cando chove, as gotas de chuvia, antes de caer a terra, absorben estes gases e se converten en gotas de auga contaminada con ácido, que ao caer sobre as follas das árbores ou plantas, as matan. Moitas árbores e bosques morren por culpa desta chuvia.

- Seca

Debido a que a contaminación do aire fixo que cambien as temperaturas e o clima, xa non chove tanto coma antes e hai problemas de seca. Non obstante os humanos seguimos malgastando auga potable.

PROGNÓSTICO: Grave. Requírese intervención inmediata.



Ficha do terceiro paciente

NOME: Terra.

SÍNTOMAS: Infección xeneralizada por envelenamento.

CAUSAS: Terra chea de desperdicios procedentes:

- dos vertedoiros de lixo de cidades e pobos que non paran de crecer e crecer.
- dos residuos que tiran os humanos ao chan cando están na natureza.
- dos desperdicios sólidos que producen as fábricas.
- dos insecticidas que se utilizan para acabar coas pragas que atacan os cultivos dos campos, e que logo acaban contaminando a terra.

OUTROS EFECTOS:

- Desertización

Debido á corta de árbores e os incendios forestais, a terra fértil é arrastrada polas chuvias, xa que non hai raíces de árbores que as reteñan. Co tempo, esa zona está condenada a converterse nun deserto.

- Urbanismo imparable

A construción de casas, apartamentos, chalés, hoteis, etc, en zonas da montaña ou da costa, vai destruindo o ámbito natural, deixando cada vez menos terra para bosques e zonas naturais protexidas.

PROGNÓSTICO: Grave. Requírese intervención inmediata.

Ficha do cuarto paciente

NOME: Seres vivos.

SÍNTOMAS: Morte e extinción progresiva de moitos animais e plantas.

CAUSAS:

- Corta indiscriminada de árbores.
- Incendios forestais.
- Pesca excesiva de peixes.
- Caza de animais salvaxes.
- A contaminación do aire, da auga e da terra mata a moitos animais e plantas, facendo que moitas especies estean en serio perigo de extinción.
- O ser humano deixa cada vez menos sitio para que os animais e plantas poidan crecer e vivir en paz sen ser molestados.

OUTROS EFECTOS:

- Pobreza

A contaminación que producen os países ricos afecta de cheo aos países pobres. O aire contaminado, as augas contaminadas, o lixo e desperdicios tóxicos, a morte de peixes, a corta de árbores, as subas de temperatura polo efecto invernadoiro que provoca cambios de clima, furacáns, inundacións ou secas, non coñecen fronteiras e sófreno máis os cidadáns que viven en países pobres, facendo que as súas vidas, a súa saúde e a súa economía se vexan seriamente afectadas.

E é que os países ricos, para seguir sendo ricos, teñen que contaminar máis, xa que cada vez teñen máis fábricas, máis coches e máis industrias que contaminan a Natureza. Non queren invertir moito diñeiro en facer que as súas fábricas reduzan e purifiquen os seus fumes máis tóxicos.

- Especie humana en perigo de extinción

Se o ser humano non para de contaminar e destruír a Natureza ao ritmo do que o está a facer agora, de aquí a 100 anos as consecuencias serán irreparables.


PROGNÓSTICO: Grave. Requírese intervención inmediata.



Cando todos os equipos médicos rematen de elaborar os tratamentos para salvar os seus catro pacientes, virá o momento da posta en común. De cada paciente todos os equipos dirán o tratamento que pensaron aplicarlle, é dicir, do primeiro paciente, o aire, todos os equipos dirán o que pensaron, e así cos demais. Así se verán as coincidencias ou diferenzas dos distintos tratamentos.

Para rematar faremos entre todos un gran mural con papel continuo. O educador debuxará nel a silueta dunha grande árbore. E cada un de vós, en papeis ou cartolinas de cores que vos facilitará o educador, recortaredes tantas siluetas de follas como compromisos queirades tomar para ser coidadores e protectores da Natureza despois de todo o traballado con este conto.

Cando as teñades recortadas, escribiredes en cada unha delas un dos vosos compromisos. (Recordade que tamén tedes o compromiso e a misión de sensibilizar e concienciar sobre este tema aos vosos pais). Logo pegaredes as vosas follas na árbore do mural e, cando estean todas pegadas, colgarédelo nalgunha parede para que quede ben visible o voso compromiso para protexer á Natureza, e que nunca vos esqueza.



A oración de compartir

Hola, Xesús, amigo,
irmán e Deus meu.

Qué ben me sinto
cando alguén comparte algo seu comigo,
ou cando me presta con agrado algo que necesito,
ou cando me dá unha cousa sen pedirme nada a cambio.

Qué egoísta sería eu, Xesús, se só quixese
que os demais compartisen as súas cousas comigo
e eu non fixese o mesmo con eles.

Non deixes nunca, Xesús, que caia no egoísmo.
Non quero ser alguén que o quere todo para el
e non deixa nada aos demais.
Non quero ser alguén que só se preocupa das súas cousas,
e se lle esquece o que poidan necesitar os seus compañeiros ou
amigos.
Non quero ser alguén caprichoso
que sempre está a comprar cousas e máis cousas,
para ter máis que ninguén, ou para presumir.

Axúdame, Xesús, a ser unha persoa
que sabe compartir o que ten.
Ti dicías que hai máis alegría en dar
que en recibir... E é verdade.
Hai máis alegría en compartir
e facer felices aos demais,
que en ter máis e máis cousas
para gozalas un só.

Quero, Xesús,
poñer en práctica cada día isto que ti dicías,
para vivir sempre con esta alegría,
a alegría de facer felices aos que me rodean.



Caritas

www.caritas.es